

A illa que non ten nome

En 'Vento Galerno' convídase a naufragar nunha illa onde a falta de lóxica se converte no mellor dos sentidos comúns

MÓNICA ÁLVAREZ PÉREZ
ELOS-LIJMI (USC)/CRPIH

Imaxinas un lugar onde a lóxica, a túa lóxica, non tivera lóxica? Onde os encargados de administrar e xestionar a vida da vila estivera nas mans da propia cidadanía? Onde o respecto á individualidade vivise en perfecta concordancia co respecto á vida en comunidade? Onde a democracia... fose unha "democracia con maiúsculas"?


Ese lugar existe. Unha illa ao outro lado do océano. Unha illa sen nome... Unha illa nada da fantasía de Antonio Yáñez Casal (Ferrol, 1959), autor xa coñecido no panorama literario xuvenil, que conta con premios literarios como o II Premio Meiga Moira de Literatura Infantil e Xuvenil no 2006 pola obra *Lóbez* (Baía Edicións, col. Meiga Moira, 2006) e o VI Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Raíña Lupa no 2006 coa obra *Viaxe a Libunca* (Galaxia, col. Costa Oeste, 2007).

PREMIO CLAUDIO SAN MARTÍN. Coa súa última obra, *Vento Galerno* (Xerais, col. Fóra de Xogo, 2012), foi finalista da última edición, polo de agora, do Premio Fundación Novacaixagalicia-Claudio San Martín de Literatura Xuvenil 2011.

Sorprende agora cunha nova historia que, seguindo os trazos xa iniciados por autores como Swift e Defoe na novela de aventuras, retoma a trama do



Antonio Yáñez Casal, autor da obra 'Vento Galerno'



Cuberta do libro

naufraxio nunha illa remota con habitantes estraños. Así o protagonista deste relato de aventuras, Miro, chega a unha illa "sen nome" e descoñecida tras pasar dous días en alta mar á deriva.

Nese novo lugar, desorientado e exhausto, Miro atópase con extravagantes habitantes cuxa filosofía de vida parece estar carente de sentido. Nada segue a lóxica que rexe no mundo "civilizado", desde a falta dun goberno estable no tempo que administre a illa

ata "sandadores" que diagnostican estrañas doenzas, como "ter o corpo acelerado" por andar demasiado apurado.

A pesar do difícil que lle resulta a Miro entender o funcionamento da illa, pouco a pouco irase adaptando ao "ilóxico" modo de facer as cousas dos seus habitantes.

Neste relato que "navega" entre as "augas" das aventuras de Robinson Crusoe e o "sen sentido" de Alicia no País das Marabillas, o autor achéganos unha historia orixinal e divertida, onde invita os lectores a poñer en cuestionamento os modos de facer e de vivir do mundo actual, da chamada "civilización", e convídaos a imaxinar un mundo novo e diferente onde a democracia existe no seu sentido máis amplo e literal.

VISIÓN SURREALISTA.

Un mundo onde o primeiro dos dereitos de todos os cidadáns da vila é ter dereitos. Paradoxalmente ofrecendo a visión máis surrealista da sociedade, cos habitantes máis extravagantes e os pensamentos máis ilóxicos, ponse de relevo a necesidade de supervisar e reflexionar en torno aos nosos modos de pensar a vida e a sociedade.

Con esta obra Yáñez Casal convida o lector a mergullarse nunha aventura exótica onde o ilóxico asume o protagonismo para regalarnos esperanza nun mundo mellor.

monica.alvarez3@gmail.com